



Estimada directiva,

Como sabedes, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un dereito fundamental recollido no noso marco normativo co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria, e os poderes públicos temos o deber de incorporar medidas que axuden a acadala.

Desde esta institución convócase a primeira edición dos Premios ás Boas Prácticas en Igualdade coa finalidade de distinguir as persoas e entidades que realizaron actividades e prácticas eficaces e relevantes para conseguir a igualdade real de mulleres e homes na provincia de Pontevedra, co obxectivo de recoñecelas e estimular actuacións deste tipo, a favor da igualdade e pola eliminación da violencia machista.


Na convocatoria destes premios hai varias modalidades, concorren a eles as persoas físicas e xurídicas que destaquen no ámbito social, cultural, deportivo e educativo, e poderá presentar candidaturas, a favor de terceiras persoas, calquera outra persoa física ou xurídica, coma as entidades do terceiro sector de acción social e outras entidades públicas ou privadas.

As bases da convocatoria poden consultarse na páxina web da Deputación ([www.depo.gal](http://www.depo.gal)) ou no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* do 3 de xuño de 2024. As candidaturas poderán presentarse ata o 3 de xullo, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para máis información, podedes poñervos en contacto co Servizo de Igualdade no teléfono 986 804 100 ou a través do correo electrónico [igualdade@depo.es](mailto:igualdade@depo.es).

Agardamos contar coa vosa participación nesta iniciativa.

Un saúdo cordial,



Luis López Diéguez  
Presidente da Deputación de Pontevedra



M.ª Sandra Bastos Míguez  
Deputada de Igualdade e Benestar  
Social

Pontevedra, 5 de xuño de 2024